



PREGUNTA ORAL SOBRE A TRAMITACIÓN DA CONVOCATORIA DO PREMIO XOHANA TORRES PARA O ANO 2016

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Xunta de Goberno Local do 26 de febreiro de 2016 aprobáronse as bases a convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual “Xohana Torres”, sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela, para o ano 2016.

Segundo o disposto na base cuarta o prazo de presentación dos traballos comezaba o día 8 de marzo de 2016 e remataba o día 31 de decembro de 2016.

Ata aquí todo resulta normal.

O que resulta sorprendente é a tramitación ulterior levada a cabo polo Goberno local, cando se comproba que o alcalde asina o traslado para a publicidade do texto nas preceptivas canles legais o 25 de novembro –nove meses despois da aprobación da Xunta de Goberno-, inseríndose o 27 de decembro de 2016 no Rexistro da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) do Ministerio de Facenda e Función Pública e a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña non se produce ata o 2 de xaneiro de 2017, cando xa rematou o prazo establecido nas propias bases reguladoras para presentar os traballos.

Á vista destes feitos, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

Considera o Goberno que o seu proceder na tramitación do Premio Xohana Torres 2016 asegura a publicidade, a transparencia e, sobre todo, a eficacia desta convocatoria?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017.

María Corral López
Concelleira do Grupo Popular